

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 421/2016

Celebrada con data 27 de setembro de 2016 a Mesa para a contratación da obra de “Mellora da rede de saneamento municipal no entorno da praza de Castelao” incluída no Plan de obras e servizos 2016 da Deputación Provincial, acordouse, entre outros, comunicar a varios licitadores que figuraban con ofertas desproporcionadas ou anormais, que non se axustan realmente a esta circunstancia, polo que non será preciso que xustifiquen as súas ofertas.

Emitido o informe técnico solicitado pola Mesa en relación coa nova valoración das propostas, de conformidade coas facultades que me confire a lexislación vixente e ao abeiro do disposto no prego de cláusulas administrativas, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear Secretario da Mesa a D. Domingo-Manuel Pais Nieto, funcionario do concello.

SEGUNDO.- Convocar á Mesa de Contratación para o **día 11 de outubro, martes, ás 10:00 horas**, en sesión pública, aos efectos de dar conta do informe emitido, en relación coa nova valoración das propostas.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución aos membros designados na Mesa de Contratación, así como facela pública no Perfil do Contratante do Concello de Corcubión (www.corcubion.gal), e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Mándoo e asínoo en Corcubión a 6 de outubro de 2016.

O Alcalde

A Secretaria acctal.

Manuel Insua Insua

M^a del Carmen Trillo Mouzo